



---

## RESUMO DAS BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DAS AXUDAS DE CONCELLOS ADHERIDOS AO FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA

Coa finalidade de facilitar a comprensión das bases publicadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Noia, reguladoras das axudas para a reactivación económica e social, e sen prexuízo da necesaria realización dunha lectura pormenorizada das mesmas, realízase un resumo dos requirimentos e procedemento para acceder ás estas axudas, cuxa finalidade é a de facilitar os medios aos traballadores autónomos e microempresas para facer fronte ás consecuencias da crise motivada pola COVID-19, contribuíndo á recuperación socioeconómica do colectivo ao que se dirixen.

### BENEFICIARIOS

Segundo a base 4ª das reguladoras das axudas, poderán ser beneficiarios das mesmas as persoas traballadoras autónomas e microempresas (1) que se atopen nalgún dos grupos seguintes:

- ➔ **GRUPO I: Afectados polo peche** en virtude do disposto no RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma.
- ➔ **GRUPO II: Non afectados polo peche, cuxa facturación no segundo trimestre fiscal de 2020 (abril a xuño de 2020) se vira reducida nun 75%** en relación coa media do semestre natural anterior á declaración do estado de alarma (14 de setembro de 2019 a 14 de marzo de 2020).
- ➔ **GRUPO III: que se viran no deber de acollerse a un ERTE**, nos termos do RD 465/2020, de 17 de marzo.

---

(1) Considéranse MICROEMPRESAS ás empresas que ocupen a menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual non exceda de 2 millóns de euros.

---

Ademáis, deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ter o domicilio fiscal en Noia
- b) Non estar incursas en ningunha das circunstancias dos artigos 13.2 e 13.3 da Lei xeral de subvencións (2).

---

**Concello de Noia**



- 
- c) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, CA de Galicia, Deputación Provincial, Concello de Noia; e coas súas obrigas coa TXSS.
  - d) Cumprir cos deberes da base 14ª (3)
  - e) No caso de persoas físicas, terán que estar dados de alta no RETA ou calquera outro por conta propia da Seguridade Social ou ser Mutualista de colexio profesional.
  - f) No caso de persoas xurídicas, a data da súa constitución debe ser anterior ao 14 de marzo de 2020.

---

(2) O artigo 13.2 da Lei Xeral de Subvencións establece (en castelán): “No podrán obtener la condición de beneficiario o entidad colaboradora de las subvenciones reguladas en esta ley las personas o entidades en quienes concurra alguna de las circunstancias siguientes, salvo que por la naturaleza de la subvención se exceptúe por su normativa reguladora:

- a) Haber sido condenadas mediante sentencia firme a la pena de pérdida de la posibilidad de obtener subvenciones o ayudas públicas o por delitos de prevaricación, cohecho, malversación de caudales públicos, tráfico de influencias, fraudes y exacciones ilegales o delitos urbanísticos.
- b) Haber solicitado la declaración de concurso voluntario, haber sido declarados insolventes en cualquier procedimiento, hallarse declarados en concurso, salvo que en éste haya adquirido la eficacia un convenio, estar sujetos a intervención judicial o haber sido inhabilitados conforme a la Ley 22/2003, de 9 de julio, Concursal (LA LEY 1181/2003), sin que haya concluido el período de inhabilitación fijado en la sentencia de calificación del concurso.
- c) Haber dado lugar, por causa de la que hubiesen sido declarados culpables, a la resolución firme de cualquier contrato celebrado con la Administración.
- d) Estar incurso la persona física, los administradores de las sociedades mercantiles o aquellos que ostenten la representación legal de otras personas jurídicas, en alguno de los supuestos de la Ley 3/2015, de 30 de marzo (LA LEY 4995/2015), reguladora del ejercicio del alto cargo de la Administración General del Estado, de la Ley 53/1984, de 26 de diciembre (LA LEY 2769/1984), de incompatibilidades del Personal al Servicio de las Administraciones Públicas, o tratarse de cualquiera de los cargos electivos regulados en la Ley Orgánica 5/1985, de 19 de junio (LA LEY 1596/1985), del Régimen Electoral General, en los términos establecidos en la misma o en la normativa autonómica que regule estas materias.
- e) No hallarse al corriente en el cumplimiento de las obligaciones tributarias o frente a la Seguridad Social impuestas por las disposiciones vigentes, en la forma que se determine reglamentariamente.
- f) Tener la residencia fiscal en un país o territorio calificado reglamentariamente como paraíso fiscal.
- g) No hallarse al corriente de pago de obligaciones por reintegro de subvenciones en los términos que reglamentariamente se determinen.
- h) Haber sido sancionado mediante resolución firme con la pérdida de la posibilidad de obtener subvenciones conforme a ésta u otras leyes que así lo establezcan.
- i) No podrán acceder a la condición de beneficiarios las agrupaciones previstas en el artículo 11.3, párrafo



---

segundo cuando concurra alguna de las prohibiciones anteriores en cualquiera de sus miembros.

- j) Las prohibiciones de obtener subvenciones afectarán también a aquellas empresas de las que, por razón de las personas que las rigen o de otras circunstancias, pueda presumirse que son continuación o que derivan, por transformación, fusión o sucesión, de otras empresas en las que hubiesen concurrido aquéllas.

O apartado 3, do artigo 13 establece: 3. En ningún caso podrán obtener la condición de beneficiario o entidad colaboradora de las subvenciones reguladas en esta ley las asociaciones incursas en las causas de prohibición previstas en los apartados 5 y 6 del artículo 4 de la Ley Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora del Derecho de Asociación (LA LEY 497/2002).

Tampoco podrán obtener la condición de beneficiario o entidad colaboradora las asociaciones respecto de las que se hubiera suspendido el procedimiento administrativo de inscripción por encontrarse indicios racionales de ilicitud penal, en aplicación de lo dispuesto en el artículo 30.4 de la Ley Orgánica 1/2002 (LA LEY 497/2002), en tanto no recaiga resolución judicial firme en cuya virtud pueda practicarse la inscripción en el correspondiente registro.

(3) A base 14ª das reguladoras das axudas, establece os seguintes deberes dos beneficiarios:

1. Cumprir con todos os requisitos indicados nestas bases.
2. Os/as beneficiarios/as están obrigados a permanecer en alta no Réxime Especial da Seguridade Social de Traballadores por Conta Propia/ Autónomos ou no que, no seu caso, corresponda da Seguridade Social ou en Mutualidades profesionais ou no caso das microempresas, a manter a mesma forma xurídica polo menos 3 meses dende a finalización do período subvencionable.
3. Declarar no momento de presentación da solicitude que non presenta máis dunha solicitude por entidade ou persoa física (autónomo/a). No caso de que o solicitante sexa unha persoa física, declaración de que non forma parte dunha sociedade que teña solicitado outra subvención na presente convocatoria.
4. Cumprir coa normativa de minimis e non superar os límites establecidos na normativa para o seu sector, se esta resultase de aplicación.
5. Declarar a obtención de subvencións ou axudas procedentes doutras administracións e entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais e acreditar que a suma de todas elas non supera o límite de 40.000 euros.
6. Comunicar de inmediato ao concello calquera modificación que puidera afectar a algún dos gastos recollidos na solicitude inicial realizada, para a valoración do caso por parte do Departamento responsable das axudas.
7. Empregar a subvención outorgada para o mesmo fin para o cal foi concedida, axustándose aos termos establecidos nas Bases e na convocatoria e de conformidade coa lexislación vixente.
8. Conservar os documentos xustificativos da aplicación da subvención recibida, incluídos os documentos electrónicos, que poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control durante o período establecido, en cada caso, pola lexislación vixente sobre a materia.
9. Dar o seu consentimento ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.
10. Dar publicidade, nos termos establecidos na resolución de concesión, ao carácter público do financiamento da actividade realizada, figurando expresamente nun lugar visible do centro de traballo, logotipo do Concello, da Deputación e mención expresa ao Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña. O mesmo tipo de publicidade realizarase nun lugar preferente da páxina web da empresa, de existir esta.
11. Xustificar o cumprimento dos obxectivos, requisitos, condicións e de finalidade suxeita á subvención, someténdose ás actuacións de comprobación e control, que poderá efectuar o concello, como outros órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios.
12. Atender e proporcionar, no seu caso, canta información lle poidan solicitar os servizos de control interno

---

### Concello de Noia



municipal do concello.

13. Someterse ao control financeiro, ben sexa exercido polo órgano interventor municipal, ben polo órgano interventor da Deputación.

Quedan EXCLUÍDOS, entre outros: as asociacións, comunidades de propietarios, comunidades en réxime de propiedade horizontal, congregacións e institucións relixiosas, UTEs, comunidades de bens e sociedades civís sen personalidade xurídica propia.

### GASTOS SUBVENCIONABLES

Tal e coma se detalla na base 7ª, serán gastos subvencionables os seguintes:

CONTA	DESCRICIÓN DA CONTA
601	<b>Compra de material</b> Material antiséptico ou desinfectante, produtos hixiénicos e de limpeza
621	<b>Arrendamentos e canons</b> Arrendamentos de maquinaria, vehículos, locais ou instalacións* Gasto directo  *O arrendamento do local de negocio ou instalacións, sempre e cando non sexa parte da vivenda da persoa solicitante ou espazo compartido con outra empresa e non exista relación de parentesco ata 2º grao de consanguinidade ou afinidade co/a arrendador/a do local, nin sexa socio/a ou participe da persoa física ou xurídica que actúe como arrendador/a. Así mesmo, exclúense os espazos de coworking.  *O renting de maquinaria, máquinas, vehículos, etc.
622	<b>Reparación e conservación</b> Adaptación de locais ás medidas de protección fronte á COVID-19 (biombos de protección, etc). Gasto directo
625	<b>Primas seguros</b>



	Seguros de responsabilidade civil, seguros de accidentes. Gasto directo
628	Subministracións Auga, gas, combustibles, electricidade. Gasto directo

### CONTÍA DA AXUDA

O importe da axuda determinarase conforme aos seguintes criterios:

a.- Traballadores por conta propia ou autónomos, sen traballadores ao seu cargo, incluídos nos grupos I e II: \_\_\_\_\_ 1.500,00 euros.

b.- Traballadores por conta propia ou autónomos con traballadores ao seu cargo, e microempresas dos grupos I, II e III:

- Un so traballador/a: \_\_\_\_\_ 2.000,00 euros.

- Entre 2 e 5 traballadores/as: \_\_\_\_\_ 2.500,00 euros.

- Entre 6 e 9 traballadores/as: \_\_\_\_\_ 3.000,00 euros.

As axudas serán compatibles con outras ata un máximo de 40.000 euros e sempre que non se supere o custe total dos gastos subvencionables.

### PERÍODO SUBVENCIONABLE

O período subvencionable irá do 1 de marzo de 2020 ao 31 de decembro de 2020.

**Concello de Noia**



---

## FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación das solicitudes iniciárase coa publicación do extracto das bases no Boletín Oficial da provincia da Coruña e finalizará ás 14:00 do día 25 de novembro de 2020.

As solicitudes deberán ser presentadas por VÍA TELEMÁTICA a través da sede electrónica do Concello, utilizando os modelos normalizados dispoñibles ao efecto no seguinte espazo da sede electrónica do Concello de Noia: TRÁMITES DESTACADOS.

A presentación da solicitude de subvención fora do prazo establecido e a non utilización dos formularios normalizados de uso obrigatorio, serán causa de inadmisión das solicitudes

---

## DÚBIDAS E CONSULTAS

Calquera dúbida ou consulta que non estea resolta no presente resumo ou nas bases poderá realizarse a través do correo electrónico

[pel.reactiva.noia.consultas@gmail.com](mailto:pel.reactiva.noia.consultas@gmail.com)